

—Dona Rocío Llovo del Río, Concelleira Delegada do Servizo de Atención Cidadá, Educación, Sanidade e Mercados, nos temas relativos a certificados de empadramento, convivencia, bens e edictos. Asuntos derivados da xestión catastral que realiza o Concello.

O que poño en xeral coñecemento aos efectos oportunos.

Vilagarcía de Arousa, 8/09/2011.—O Alcalde-Presidente, Tomás Javier Fole Díaz.

2011008872

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con obxecto de axudar ás familias máis desfavorecidas economicamente a facer fronte ós gastos derivados do inicio do curso escolar, e tendo en conta que os programas de axudas para libros xa están implantados en toda a Ensinanza Primaria e Secundaria Obrigatoria, propónse á Xunta de Goberno aprobar a convocatoria de axudas para material escolar, na Educación Infantil, para as súas dúas etapas (0-3 anos e 3-6 anos), dos Centros de Ensino sostidos con fondos públicos e Escolas Infantís debidamente autorizadas de Vilagarcía de Arousa, de acordo coas seguintes

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR, CON DESTINO A ALUMNOS DE EDUCACIÓN INFANTIL EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS E ESCOLAS INFANTÍS AUTORIZADAS DE VILAGARCÍA DE AROUSA, CURSO 2011/2012

ARTIGO 1.—OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é o financiamento dos gastos que se derivan da adquisición de material escolar (o material curricular e didáctico necesario para o desenvolvemento da acción educativa), para os alumnos Educación Infantil, nas etapas 1ª e 2ª, dos Centros de Ensino sostidos con fondos públicos e nas Escolas Infantís autorizadas de Vilagarcía de Arousa.

ARTIGO 2.—BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios destas axudas as unidades familiares de convivencia residentes no Concello de Vilagarcía de Arousa con menores matriculados ou con reserva de praza nas etapas 1ª e 2ª de Educación Infantil, dos Centros de Ensino sostidos con fondos públicos e nas Escolas Infantís autorizadas de Vilagarcía de Arousa.

2.1. Requisitos Xerais dos Beneficiarios:

- Estar empadroadado e ter residencia efectiva permanente no Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Ter fillos/as en idade escolar matriculados en 1ª ou 2ª etapa de Educación Infantil en Centros de Ensino sostidos con fondos públicos e nas Escolas Infantís autorizadas de Vilagarcía de Arousa.
- Non supera-los ingresos económicos fixados no baremo destas bases
- Presentar toda a documentación requirida, e no prazo establecido, nestas bases.
- Convivir co/a menor a cargo.
- No ter débedas tributarias nin coa Seguridade Social

2.2. Requisitos Económicos dos beneficiarios:

As axudas poderán ser solicitadas polas unidades familiares cujos ingresos non superen os seguinte límites máximos de rendas obtidas no ano 2010:

UNIDADE FAMILIAR	LÍMITE DE INGRESOS MENSUAIS	LÍMITE DE INGRESOS ANUAIS
2 membros	958,52 €	11.502,22 €
3 membros	1.224,77 €	14.697,28 €
4 membros	1.437,78 €	17.253,32 €
5 membros	1.597,53 €	19.170,36 €
6 membros	1.704,03 €	20.448,38 €
7 membros	1.810,53 €	21.726,41 €
8 membros	1.917,04 €	23.004,43 €

Para o cálculo dos ingresos, tomaranse como referencia a declaración da renda do ano 2010 completa. No suposto de non tela presentado, os datos da AEAT de tódolos membros da unidade familiar maiores de 16 anos.

Desta cantidade, deduciranse os gastos derivados do alugamento da vivenda ou hipoteca de vivenda habitual, ata un máximo de 250 euros mensuais, previa presentación da documentación acreditativa correspondente.

Para os efectos desta axuda, enténdese por Unidade Familiar:

A formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor así como os seus fillos solteiros menores de 25 anos ou maiores de 25 anos cunha minusvalía igual ou superior ao 33%, que convivan habitualmente.

A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompen a convivencia para estes efectos

ARTIGO 3.—CONTÍA DAS AXUDAS

O importe máximo das axudas por cada alumno/a solicitante matriculado na 1ª ou 2ª etapa da Educación Infantil, non poderá exceder de 50,00€.

ARTIGO 4.—PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS

4.1. Lugar e prazo de recollida e de presentación das solicitudes:

As axudas serán solicitadas polos pais, nais ou titores do alumnado ó que fai referencia o artigo 1.

As solicitudes poderán obterse no departamento de Servizos Sociais, no de Educación e no servizo de información municipal e tamén se poderán descargar na páxina web do Concello de Vilagarcía de Arousa no enderezo electrónico www.vilagarcia.es

As solicitudes presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Vilagarcía de Arousa, no prazo de 20 días naturais dende o día seguinte á publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia, en horario de 9 a 14 horas

4.2. Documentación a presentar:

Os solicitantes deberán acreditar a situación socioeconómica e a xustificación do gasto coa presentación da documentación que de seguido se detalla:

- Impreso de solicitude, segundo modelo que figura como ANEXO I
- Fotocopia do DNI ou NIE da persoa solicitante.
- Fotocopia do Libro de Familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.
- De ser o caso, documento acreditativo da situación de familia monoparental: fotocopia cotexada do libro de familia, do certificado de defunción, da demanda ou sentenza de separación ou divorcio, acordo regulador ou resolución xudicial sobre as medidas paterno filiais.
- De ser o caso, Certificado de recoñecemento minusvalía ou do grao e nivel de dependencia
- Certificado de matrícula ou reserva de matrícula expedido polo centro, para o curso 2011/2012.

- Se é o caso, recibo de pagamento de aluguer da vivenda habitual selado e asinado polo arrendatario ou xustificante de pago de hipoteca (primeira vivenda).
- Xustificantes de ingresos de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos: fotocopia da declaración da renda do ano 2010 ou autorización para solicitar datos tributarios en relación ao IRPF, segundo modelo anexo á solicitude.
- Xustificación do gasto, mediante algún dos seguintes medios:
 - 1) Factura con tódolos requisitos regulamentarios segundo as seguintes prescricións:
 - Facturas orixinais ou fotocopia compulsada das mesmas, cos requisitos establecidos no R.D. 1496/2003. Como mínimo conterán:
 - nº de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
 - Denominación social, NIF e domicilio de quen expide a factura e do destinatario
 - Descrición e data de realización da operación.
 - Importe con desagregación do IVE e indicación do tipo aplicable e do total. Non se admitirán facturas nas que se faga constar “IVE incluído”.
 - Recargas, descontos e retencións aplicables.
 - Ademais, deberá acreditarse o seu pagamento, figurando
 - “pagado” ou “recibín”;
 - data do pago
 - firma e identificación da mesma (DNI ou nome completo de quen asina)
 - Selo da empresa
 - Cando a factura teña sido pagada mediante transferencia bancaria ou talón, deberá aportarse extracto bancario que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario.
 - 2) Recibín do centro educativo, no caso de que o pai/nai ou tutor adquira o material coa mediación da escola ou colexio.
- Certificación bancaria do número de conta na que o/a solicitante sexa titular ou cotitular na mesma.
- En caso de realizar cesión de pago, documento de transmisión de dereitos de pago (Anexo II) xunto con:
 - Copia do DNI da persoa representativa do endosatario
 - Certificado bancario do nº de conta do endosatario

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano competente requirirá ó interesado para que a emende no prazo máximo de 10 días, contados a partir da data da notificación, indicándolle que si non o fixese se lle dará por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

O departamento Servizos Sociais ou o de Educación poderán esixir calquera outra documentación que consideren precisa para valorar a situación socioeconómica dos solicitantes.

4.3. Valoración das solicitudes:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, os departamentos de Servizos Sociais e de Educación examinarán as solicitudes presentadas verificando que conteñan toda a documentación requirida polas bases.

Logo procederase á valoración das mesmas e á elaboración dunha relación na que figuren as axudas concedidas e as denegadas indicando a causa.

4.4. Criterios de Valoración:

A valoración das solicitudes de acordo co que de seguido se indica:

I) En función da Renda anual da unidade familiar:

Ingresos familiares ata o 60 % do límite establecido	4 puntos
Ingresos familiares iguais ou superiores ao 60. % e inferiores ao 75% do límite establecido	3 puntos
Ingresos familiares iguais ou superiores ao 75 % e inferiores ao 90 % do límite establecido	2 puntos
Ingresos familiares iguais ou superiores ao 90 % e inferiores ao 100 % do límite establecido	1 punto

II) Por cada membro da unidade familiar con certificado de minusvalía recoñecida: 2 puntos.

III) Por familia monoparental: 3 puntos.

No suposto de que, unha vez efectuada a avaliación, o número de axudas supere o crédito máximo dedicado a esta finalidade, concederanse as axudas pola orde de puntuación obtida por cada solicitude, ata alcanzar o límite sinalado. No caso de puntuación igual, terá preferencia a unidade familiar coa contía menor de ingresos.

4.5. Resolución e notificación da concesión ou denegación das axudas

Cumpridos os trámites para a instrución do procedemento e fiscalizada a proposta de concesión ou denegación das axudas pola Intervención municipal, esta proposta será sometida á Xunta de Goberno Local, que adoptará o acordo correspondente. Dito acordo de concesión ou denegación, expoñerase no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web www.ivilagarca.es

A resolución estimatoria ou desestimatoria pon fin á vía administrativa. Contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ó da notificación do acordo de concesión, ou directamente recurso contencioso administrativo ante o o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, a contar dende o seguinte ó da notificación da resolución se é expresa e se non o é, o prazo será de seis meses a contar dende o día seguinte ó que se entenda producida a desestimación por acto presunto.

ARTIGO 5.—FORMA DE PAGO

O pago da axuda concedida farase efectivo nun pago único en metálico por cada fillo/a previa xustificación da mesma, podendo ser:

- Directo: a favor do solicitante da axuda, por medio de transferencia bancaria
- Indirecto: a favor do provedor, dunha entidade, asociación ou centro educativo, tras comprobar a documentación correspondente. Neste caso, o solicitante da axuda deberá asinar declaración xurada facendo constar a cesión do pago.(Anexo II)

ARTIGO 6.—FINANCIACIÓN

As obrigas económicas que se derivan da presente convocatoria imputaranse á partida 323.481, da Concellería de Educación, do orzamento municipal de 2011, por un importe máximo de 7.000 €.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Para todo o non disposto nestas bases estarase ó disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

ANEXOS

O contido destas bases e os anexos expóranse na páxina web do Concello de Vilagarcía de Arousa: www.vilagarcia.es

Vilagarcía de Arousa, a 2/09/2011.—O Alcalde-Presidente, Tomás Javier Fole Díaz.

2011008955



**SOLICITUDE DE AXUDA PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR
CURSO ACADÉMICO 2010-2011
ANEXO I**

Datos do solicitante (pai, nai ou titor): Apellidos, nome:
....., D.N.I.

Enderezo:
.....
..... Teléfono:

Datos do/a alumno/a: Apellidos, nome:

Data de nacemento:

Estudios de Infantil para os que solicita axuda: Nivel ou curso

Centro educativo no que está matriculado/a

Documentación que se achega:

	Impreso de solicitude (ANEXO I)
	Fotocopia do DNI, NIE da persoa solicitante.
	Certificado de empadramento e convivencia
	Fotocopia do Libro de Familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento
	Se é o caso, documento acreditativo da situación de familia monoparental: fotocopia cotexada do libro de familia, do certificado de defunción, da demanda ou sentenza de separación ou divorcio, acordo regulador ou resolución xudicial sobre as medidas paterno filiais.
	Se é o caso, Certificado de Minusvalía recoñecida ou do grao e nivel de dependencia
	Certificado de matrícula ou reserva de matrícula expedido polo centro, para o curso 2011/2012
	Xustificantes de ingresos de todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos: declaración da renda do ano 2010 completa ou certificado de AEAT no suposto de non tela presentado coa autorización para recabar datos tributarios en relación ao IRPF, segundo modelo anexo á solicitude
	Se é o caso, recibo de pagamento de aluguer da vivenda habitual selado e asinado polo arrendatario ou xustificante de pago de hipoteca (primeira vivenda).
	Xustificante do gasto realizado
	Xustificante do endoso, no seu caso.

En Vilagarcía de Arousa, a _____ de _____ de 2011.



AUTORIZACIÓN PARA PODER SOLICITAR DATOS TRIBUTARIOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF)

A/s persoas abaixo asinantes autoriza/n ao Departamento de Servizos Sociais a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria, información de natureza tributaria sobre o IRPF para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para solicitar a AXUDA PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR ,sendo beneficiario ou posible beneficiario a persoa que figura no apartado A da presente autorización.

A presente autorización outórgase aos efectos do recoñecemento, seguemento e control da axuda mencionada anteriormente, e en aplicación do artigo 95.1 K) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria pola que se permite, previa autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: DATOS QUE POSEA LA AXENCIA TRIBUTARIA DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSONAS FÍSICAS DO EXERCIZO 2010.

A.- DATOS DEL SOLICITANTE DE LA AYUDA DETALLADA QUE OTORGA LA AUTORIZACIÓN.

APELIDOS E NOME:	
<small>N.I.F.:</small>	

B.- DATOS DOS RESTANTES MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DO/A SOLICITANTE (unicamente maiores de 16 anos).

PARENTESCO CO SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Vilagarcía de Arousa, a _____ de _____ de _____

Nota: a autorización concedida pola persoa asinante pode ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Vilagarcía de Arousa.

Don/Dna
con D.N.I., pai/nai/titor do alumno/a

DECLARA BAIXO XURAMENTO,

—Que esta ó corrente nas súas obrigas tributarias coa Seguridade Social.

—Que non está incurso en prohibición ou incompatibilidade para a percepción de axudas públicas.

En Vilagarcía de Arousa, a _____ de _____ de 2010.



ANEXO II

CESIÓN DO DEREITO DE COBRO DAS AXUDAS DE MATERIAL ESCOLAR

I) ENDOSO

A) ENDOSANTE

D/Dª _____ N.I.F.: _____ actuando en nome propio e con poder suficiente ó efecto, transmite á entidade _____, os dereitos de cobro correspondentes á AXUDA DE MATERIAL ESCOLAR do curso 2010/2011 destinada ao alumno/a _____, no caso de ser concedida dita axuda, autorizando así o pago directo da contía concedida á entidade sinalada.

En Vilagarcía de Arousa a _____ de _____ de 2010

Asdo.: _____

ENDOSATARIO

D/Dª _____ con N.I.F.: _____ actuando en nome propio/ representación de _____ con CIF : _____ e con poder suficiente ó efecto, acepta a cesión do dereito de cobro no caso de ser concedida a AXUDA PARA MATERIAL ESCOLAR a D/ Dª _____ destinada ao alumno/a _____ do curso 20/2010 e que se abone mediante transferencia á seguinte conta bancaria:

ENTIDADE				OFICINA				DC	Nº DE CONTA											

En Vilagarcía de Arousa, _____ de _____ de 2010.

Asdo.: _____

II) TOMA DE RAZÓN

Tomada razón do endoso a favor de _____ polo importe líquido da mesma que ascende a _____ euros, facendo constar que a **xustificación da subvención, aprobouse con data / / 2010**.

Vilagarcía de Arousa, a _____ de _____ de 2010

A ALCALDESA _____ A TESOUREIRA _____ A INTERVENTORA _____

**CONSORCIO DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO
DO DEZA E TABELIRÓS-TERRA DE MONTES**

A Comisión Especial de Contas do Consorcio Contraincendios das Comarcas de Deza e Tabeirós Terra de Montes, en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de setembro de 2011, dictaminou favorablemente a Conta Xeral do exercicio 2010 de conformidade co disposto no art. 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas locais, e disposicións concordantes, expónse o público nas dependencias, e ábrese un período de 15 días e 8 máis de exposición o público, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no B.O.P., co fin que os interesados poidan examinalo expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Silleda, a 9 de setembro de 2011. — O Presidente, Ramiro Varela Peón.

2011008975

**ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA
JUZGADOS DE PRIMERA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN****De Pontevedra**

Sentencia número 63/2010

En Pontevedra, a 26 de marzo de 2010. — Vistos por mí, Ilma. Sra. Dña. M^a del Carmen Novoa Santás, Magistrada-Juez del Juzgado de Primera Instancia número Cuatro de la ciudad de Pontevedra, los autos de juicio ordinario seguidos con el número 964/09, en virtud de demanda interpuesta por el Procurador Sr. Almón en nombre y representación de la entidad "Maderas del Noroeste S.A.", asistida por el letrado Sr. Ruiz de Velasco contra la entidad "Aplimarco S.L.", en situación de rebeldía procesal, sobre acción de reclamación de cantidad.

FALLO

Que estimando íntegramente la demanda de juicio ordinario interpuesta por el procurador de los tribunales en nombre y representación de la entidad "Maderas del Noroeste S.A.", debo condenar y condeno a la entidad demandada "Aplimarco S.L." a abonar a la actora la cantidad de 48.045,70 euros, Intereses legales y costas del pleito.

Así por esta Sentencia, que no es firme y contra la que podrá interponerse recurso de apelación a preparar ante este mismo Juzgado en el plazo de cinco días, previa constitución de depósito en la forma y cuantía determinada por la Ley 1/2009 de 3 de noviembre; así lo manda y firma Dña. M^a del Carmen Novoa Santás, Magistrado- Juez de Primera Instancia de este Juzgado, de lo que yo, el Secretario, doy fe.

Se extiende la presente en Pontevedra, a cinco de julio de dos mil diez, para su publicación en el Boletín Oficial de Pontevedra a fin de notificar a la parte demandada Aplimarco S.L. por edictos por estar en paradero desconocido.

En Pontevedra, a cinco de julio de dos mil diez. — El/La Secretario Judicial, ilegible.

2011008961

* * *

De Vigo**EDICTO**

Doña Marta Gutiérrez Fidalgo, Secretaria del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número cinco de Vigo.

Doy fe y testimonio: Que en el Juicio de Faltas número 235/2010 se ha dictado la presente sentencia, que en su encabezamiento y parte dispositiva dice:

"Sentencia.—En Vigo, a 14 de Marzo de 2.011. Vistos por María Jesús Fernández Paz, Magistrado-Juez del Juzgado de Instrucción nº cinco, los presentes autos de juicio de faltas 235/10 sobre vejación injusta de carácter leve en el que fueron partes además del Ministerio Fiscal, como denunciante María Carlota Ramos Vieitez y como denunciado Javier Veloso González.

(Siguen antecedentes de Hecho, Hechos Probados y Fundamentos de Derecho).

Fallo: Que debo absolver como absuelvo a Javier Veloso González de la falta de vejación injusta de carácter leve que se le imputa, con declaración de las costas de oficio. La presente resolución no es firme y contra la misma cabe interponer recurso de apelación en ambos efectos en este Juzgado para ante la lima. Audiencia Provincial de Pontevedra en el plazo de cinco días desde su notificación. Así por esta mi Sentencia, lo pronuncio, mando y firmo.

Publicación.—Dada, leída y publicada fue la anterior Sentencia por el mismo Juez que la dictó, estando celebrando audiencia pública en Vigo en el día de la fecha, de lo que yo el Secretario doy fe."

Y para que conste y sirva de Notificación de Sentencia a Javier Veloso (o Beloso) González, actualmente en paradero desconocido, y su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, expido la presente en Vigo a veintitrés de Agosto de 2011.—La Secretaria Judicial, Marta Gutiérrez Fidalgo.

2011008500

JUZGADOS DE LO SOCIAL

De Vigo

E D I C T O

Doña Marta Lagos Suárez-Llanos, Secretaria Judicial del Juzgado de lo Social número cuatro de Vigo.

Hago saber: Que en el procedimiento despido/ceses en general 541/2011 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de María Tato Fernández contra la empresa Hervas Arjona Servicios SL, sobre despido, se ha dictado Providencia INR, que por copia se adjunta:

Providencia-Magistrada.—En Vigo, a 7 de Septiembre de 2011 Ilma. Sra. López Moledo.

Dada cuenta, como quiera que no se ha producido la readmisión en los términos establecidos en el fallo de la sentencia dictada y como determina el art. 103 de la L.P.L. e instado incidente por la parte actora, se cita a las partes para la celebración del Incidente de no readmisión que tendrá lugar en la sala de Audiencia de este Juzgado de lo Social el día 3 de octubre de 2011 a las 9.25 h. de su mañana, en que deberán comparecer con los medios de prueba de que intenten valerse. Sirviendo este proveído de citación en forma para las partes.

Notifíquese a las partes.

Modo de impugnación: mediante recurso de reposición a presentar en este Juzgado dentro de los CINCO DÍAS hábiles siguientes al de recibirla, advirtiéndole a las partes que deben atenderse a lo dispuesto en la Disposición Adicional 15a de la L.O. 1/09, debiendo hacer entrega del resguardo acreditativo de haber consignado la cantidad de 25 euros en la Secretaria de este Juzgado al tiempo de interponer el recurso de reposición, en la cuenta 3629 0000 30, abierta en la entidad Banesto.

Lo mando y firma S.Sa lima. Doy fe.

Y para que sirva de notificación de Providencia INR en legal forma a Hervas Arjona Servicios SL y Termicar Vigo, S.L., en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra - Sede Vigo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

Vigo, a 7 de septiembre de 2011.—La Secretaria Judicial, Marta Lagos Suárez-Llanos. 2011008927